

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIAS URBANÍSTICAS
E POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS****ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA**

Ao abeiro das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facencas Locais, este Concello establece a Taxa por Licencias Urbanísticas e por prestación de servizos urbanísticos.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar os actos de edificación e uso de solo, regulados polos artigos 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e pola súa normativa de desenvolvemento en orde a verificar que aquelas se axusten ás Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico deste municipio, así como a tramitación de expedientes de planeamento secundario a instancia de particulares e de execución do planemento; tendo en conta que nos supostos nos que a esixencia da licenza fose substituída pola presentación da declaración responsable ou comunicación previa, o feito imponible producirase coa realización das actividades administrativas de control.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulte beneficiario, ou afectados polos servizos que preste a entidade local.

2.—En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas das obras.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE

1. Constitúe a base imponible da Taxa:

- O custe real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.
 - O custe real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios maila modificación do uso dos mesmos.
 - O valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do Imposto sobre Bens inmobles, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construcións.
 - A superficie dos carteis de propaganda colocados en forma visible dende a vía pública.
2. Do custe sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente á maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.

ARTIGO 6º.—COTA TRIBUTARIA

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 7º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

A).—Estarán exentas:

A-1) As instalacións, obras ou construcións que se fagan directamente ou por administración, o Estado, a Comunidade Autónoma, a Deputación Provincial de Pontevedra, as Mancomunidades de que forme parte o Concello de Salceda de Caselas e as que o mesmo execute e contrate.



A-2) As que inmediatamente interesen a seguridade e defensa do territorio nacional e que faga directamente ou por contrato o Estado, a Comunidade Autónoma, a Deputación e as Mancomunidades sinaladas no apartado anterior.

B).— Terán unha bonificación:

B-1) As construcións ou reparación de beirarrúas, ramais de saneamento, camiños de servizo público; en xeral, as obras que fagan os veciños, con ou sen subvención, que revirtan no Concello, que se declaren de interés social e público, sempre que non persigan lucro e se declaren expresamente polo Pleno a bonificación e tanto por cento aplicar, sempre e cando estén amparados por normas con rango de lei ou deriven da aplicación de tratados internacionais.

B-2) Se lle aplicará unha bonificación dun 25% para as familias numerosas que o soliciten anualmente e que dita solicitude, unha vez informada e comprobada a documentación aportada, sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local. Entre a documentación, obrigatoria, a presentar deberán figurar os seguintes documentos:

— Titulo de familia numerosa, en vigor.

Non se concederá outra exención nin bonificación algunha na exacción desta Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei, a excepción da citada nos párrafos anteriores.

ARTIGO 8º.—DEVENGO

1.— Nace obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade:

- Nos casos en que sexa preceptiva a licenza previa, na data de presentación da oportuna solicitude de licenza se o suxeito pasivo formulase expresamente esta ou, cando a obra se inicie sen obterse a oportuna licenza, a taxa percibirase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable.
- No caso de actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, a taxa percibirase cando se presente a devandita declaración ou comunicación previa, en tanto que a actividade municipal de control conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles establécese por este Concello como obrigatoria.

2.— Nos casos en que sexa preceptiva a licenza municipal, a obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo ningún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións da construción, instalación e obra, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante, unha vez concedida a licenza.

3.— Do mesmo modo, cando se inicie a actividade de control nos casos de aperturas non suxeitas a licenza, a obriga de contribuír non se verá afectada polo resultado das comprobacións efectuadas.

ARTIGO 9º.—DECLARACIÓN

1.— As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que se faga constar o importe estimado da obra, medicións e destino do edificio, e o cuestionario a que fai referencia o artigo 2 do D. 69/89, de 31 de marzo da Xunta de Galicia.

2.— Cando se trate de licenza para aqueles actos nos que non sexa esixible a formulación de proxecto subscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase dun orzamento das obras a realizar, con descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto do que os seus datos permitan comprobar o custe daqueles.

3.— Se despois de formulada a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto deberá pórse no coñecemento da Administración municipal, acompañando ó novo orzamento ou o reformado, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.



4. – Nos casos en que non sexa necesaria a licenza previa, por tratarse de obras vinculadas á apertura de locais comerciais exentos de licenza de apertura conforme ó RD Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, e demais lexislación vixente, non se esixirá licenza previa para o inicio da construción, instalación ou obra, senón declaracións responsables ou ben comunicacións previas segundo o modelo establecido polo Concello.

ARTIGO 10º. – CARTEL DE OBRA

Para as obras consideradas maiores, o Concello expedirá e subministrará aos interesados o cartel de obra obrigatorio normalizado que terá as seguintes características:

- a) Cartel de chapa prelacada branca.
- b) Medidas de 1,50 x 1,25 metros, apaisado.
- c) Nel figurará o escudo de Salceda de Caselas e a inscrición “Concello de Salceda de Caselas”, ademais do N° de licenza municipal e demais datos relativos o propietario, constructor, arquitecto do proxecto, director de obra, data de inicio e data de remate, etc.

ARTIGO 11º. – LIQUIDACION E INGRESO. PARA OS SUPOSTOS NOS QUE É ESIXIBLE LICENZA PREVIA

1. – Liquidarase e se esixirá o importe da taxa unha vez concedida a licenza urbanística. Non obstante, poderase esixi-lo importe da taxa no momento de presenta-la solicitude de licenza de obra, en calidade de depósito previo, efectuándose para iso unha liquidación provisional no momento de solicitarse a licenza respectiva.

2. – A Administración municipal poderá comprobar o custo real e efectivo unha vez rematadas as obras, maila superficie dos carteis declarada polo solicitante e, á vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con deducción, no seu caso, da liquidación inicial.

3. – No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licenza, sobre a base imponible que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre

Bens inmobles non teña este carácter.

4. – As persoas físicas ou entidades xurídicas interesadas na obtención das exencións e bonificacións establecidas nesta ordenanza solicitarano do Concello ao tempo de solicitar a correspondente licenza, acreditando suficientemente as circunstancias que lles dean dereito á súa obtención.

5. – As liquidacións iniciais terán o carácter de provisionais ata que unha vez terminadas as obras sexa comprobado pola Administración Municipal o realmente feito, requirindo para iso aos interesados as correspondentes certificacións de obra e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. A vista do resultado da comprobación, se poderá considerar a liquidación inicial como definitiva ou practicar unha liquidación definitiva.

6. – En canto non sexa notificado o interesado, e aínda antes de transcourir un mes, dende que se lle notificou o acordo municipal sobre a concesión da licenza, este poderá renunciar expresamente á mesma, quedando entón reducida a taxa ao 50% do que correspondería se se fixese efectiva a licenza.

7. – A denegación, a caducidade da licenza, ou a non execución das obras, non dá dereito ao seu titular a obter a devolución dos dereitos ingresados. Ante a denegación da licenza, se persiste o interesado na súa obtención, a solicitude comportará a presentación de documentación reformada completa.

No caso de que titular na licenza preveña a finalización das obras máis alá do prazo de execución outorgado, poderá solicitar prórroga desta, debendo ingresar con carácter previo á concesión de prórroga o importe correspondente ao 25% da taxa inicialmente pagada.

8. – As liquidacións que se practiquen serán notificadas ao suxeito pasivo substituído do contribuínte para a seu ingreso directo nas arcas municipais utilizando os medios de pago mailos prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 12º. – LIQUIDACION E INGRESO. PARA OS SUPOSTOS NOS QUE NON É ESIXIBLE LICENZA PREVIA

1. – Xunto coa documentación anterior válida para a apertura do establecemento, deberase presentar un Presupuesto das obras a realizar.



2. -A declaración responsable, ou a comunicación previa, deberán conter unha manifestación explícita do cumprimento daqueles requisitos que resulten esixibles de acordo coa normativa vixente. O Concello poderá aprobar os modelos de declaración e comunicación previa que considere necesarios, en desenvolvemento das normas vinculantes.

3. -O ingreso da Taxa efectuarase por autoliquidación no momento de presentar a declaración ou comunicación.

ARTIGO 13º. - LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

1. -Terminada a obra, antes de conceder a licenza de primeira ocupación, procederase polos técnicos municipais a efectuar unha inspección para comprobar se a obra se axusta ou non á licenza. Se houberse máis obra que a proxectada, xirarse licenza complementaria de ICIO, e taxa de expedición de licenza de obra.

2. -Para a expedición da licenza de primeira ocupación, esixirase a seguinte documentación:

- a) Certificado Técnico de final de obra.
- b) Escritura de declaración de obra nova de todas as construcións e división horizontal das que proceda.
- c) Notificación da relación de compradores, á data de solicitude, a efectos de alta no Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) ou modelo 902, cumprimentado, no que se faga referencia a todos os locais existentes na obra
- d) Carta de pagamento do ICIO, e taxa municipal de expedición de licenza urbanística, e complementarias no seu caso.

3. -A licenza de primeira ocupación será indispensable para obter a conexión efectiva aos servizos de abastecemento de augas, saneamento, subministro

de enerxía eléctrica ou de gas, televisión por cable ou similares, e producirá automaticamente a alta no servizo e padrón de recollida de lixo.

4. -No caso de outorgamento de licencias para a primeira ocupación, deberán ser notificadas:

- a) Ás empresas concesionarias de servizos municipais.
- b) Os servizos de recadación do imposto sobre bens inmóbles (IBI)

ARTIGO 14º. - INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En tódolo relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. -As licencias urbanísticas concedidas caducarán no prazo de seis meses, se non se inician as obras, e se antes de que transcorran tres anos dende a súa concesión non se rematan as mesmas.

O Concello poderá conceder prorroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.

Segunda. -As modificacións que se introduzan na regulación desta ordenanza, polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, Comunidade Autónoma ou por calquera outra Lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Terceira. -A exacción desta Taxa será compatible co Imposto municipal sobre Construcións.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO

TARIFAS

| Conceptos | Contía Euros |
|--|---|
| Tarifas: | |
| - A contía da taxa queda fixada para todo tipo de construción, coas excepcións contempladas neste mesmo anexo, no..... | 2,1% do presuposto da obra |
| - A contía da taxa queda fixada para as vivendas unifamiliares, promovidas por particulares, no dous con un por cento sobre a base do ICIO..... | 2,1% sobre a base do Imposto sobre Construcións e Obras (ICO) |
| - Licencia mínima: para aquelas obras ás que aplicándolle o tipo xeral do 2,1%, resultara inferior a 30 uros..... | 30,00 Euros |
| - Publicidade vertical, por m ² | 10,00 Euros |
| - Licencias d e 1ª Ocupación (por expediente)..... | 30,00 Euros |
| - Por cada segregación de finca (por expediente)..... | 30,00 Euros |
| - Expedición e subministro de cartel de obra normalizado (obra menor)..... | 30,00 Euros.- |
| - Expedición e subministro de cartel de obra normalizado (obra maior)..... | 30,00 Euros.- |
| - Por instalación de grúa | 30,00 Euros.- |
| - Solicitud de Prórroga de licencia (antes do inicio das obras)..... | 30,00 Euros.- |
| - Tramitación a instancia de particulares de expedientes de planeamento secundario e de execución de planeamento : - (Planes Parciais, Plan Especial e Proxectos de Sectorización)..... | 600,00 Euros.- |
| - Estudos de Detalle..... | 400,00 Euros.- |

MODULOS

B) CUOTAS MÍNIMAS:

| Tipo de Obra | Estimación presuposta | Tasa autoliquidación mínima |
|---|--|-----------------------------|
| Muro de contención (proxecta) | 42,07 €/m ² | 30,05 €. |
| Muro de cerrs | 48,08 €/m lineal 24,04 €/m ² | 30,05 €. |
| Pintado de Fachadas (sen andamíao) | 4,81 €/m ² | 60,10 €. |
| Cambio de Ventás | 72,12 €/unidade | 18,03 €. |
| Cambio de portas | 90,15 €/unidade | 18,03 €. |
| Cambio de tellas | 30,05 €/m ² | 60,10 €. |
| Construción galpón de 60 m ² | 90,15 €/m ² | 60,10 €. |
| Movemento de terras | 1,80 €/m ³ | 30,05 €. |
| Pozo de auga (3 m. lindeiro e 20 m. a fosa séptica) | | 30,05 €. |
| Fosa séptica (3 m. a lindeiro e 20 a pozo auga) | | 30,05 €. |
| Tala de árbores | 30,05 €/ud. 601,04 €/Ha | 60,10 €. |
| Demolición | 9,02 €/m ² | 60,10 €. |
| Colocación de antenas e pequenos elementos (volts, iluminación) | 90,15 €/ud. | 18,03 €. |
| Acondicionamento de local | 150,25 €/m ² | 90,15 €. |
| Reforma interior en vivenda | 130,30 €/m ² | 90,15 €. |

Salceda de Caselas, a _____ de _____ de _____ - O Alcalde, Jose M. Fernández Rodríguez